



CONTEXTO ARTÍSTICO DO SÉCULO XIX. A FIGURA DE GOYA



"A familia de Carlos IV, por Francisco Goya" (CC0 1.0)



ÍNDICE

CONTEXTO ARTÍSTICO DO SÉCULO XIX. A FIGURA DE GOYA

1. O PATRIMONIO ARTÍSTICO.....	1
<i>Exercicios</i>	2
2. CONTEXTO ARTÍSTICO DO SÉCULO XIX.....	3
<i>Exercicios</i>	5
3. GOYA ARTISTA DE ESTILO ÚNICO.....	6
3.1 Vida e obra de Goya.....	6
3.1 Análise e interpretación dos cadros: <i>A carga dos mamelucos</i> e <i>Os fusilamentos do 3 de maio</i>	8
<i>Exercicios</i>	10
SOLUCIÓN.....	11

1. O PATRIMONIO ARTÍSTICO

Antes de tratar o contexto artístico do século XIX e a figura de Goya, semella axeitado achegármonos á noción de patrimonio artístico para comprender mellor a utilidade do estudo da arte.

O **patrimonio artístico** é un concepto que abrangue un **conxunto de bens culturais**, ben de **carácter material ou inmaterial**, que foron creados ao longo do tempo e que responden á creatividade dunha comunidade, pobo ou país, e que forman parte da súa historia e identidade, xa que son testemuñas do pasado e fonte de coñecemento.

O devandito patrimonio **inclúe obras de arte como poden ser pinturas, esculturas ou arquitectura**, e mesmo tamén música, folclore,... indo máis alo do seu valor estético, xa que tamén constitúen un recurso económico e social, en non poucas ocasións de incalculable valor.

Cómpre valorar que desde un cadro de Goya ata unha composición musical, do romanticismo, constitúen obras de arte que poden narrar unha historia sobre o autor ou autores delas ou reflectir o contexto histórico, político, cultural e/ou social en que foi producida.

Como ben cultural, o patrimonio artístico é **esencial** para a **preservación da memoria colectiva e da identidade cultural**. A protección do patrimonio contribúe a transmitir valores culturais e sociais entre diferentes xeracións, garantindo que estes non se perdan co paso do tempo, e co seu estudo podemos comprender e coñecer o pasado, achegando matices novos, interpretar o presente e mesmo pode axudar a proxectar mellor o futuro.

O patrimonio artístico tamén pode xogar un papel importante na cohesión social, reforzando os sentimentos de pertenza e de identidade comunitaria.

Por último, cómpre salientar que a **conservación do patrimonio** é un labor complexo que require unha **responsabilidade compartida** e esforzos por parte dos gobernos, institucións culturais e de nós mesmos, como cidadáns particulares, para garantir que ese legado cultural siga vixente e chegue ás xeracións vindeiras para que poidan seguir gozando e aprendendo del.



EXERCICIOS

Exercicio 1

De quen é responsabilidade a conservación do patrimonio?

Exercicio 2

Para que podería servir estudar o noso patrimonio?

Exercicio 3

Que nos pode achegar a análise dunha obra de Goya ou doutras manifestacións artísticas de diferente índole respecto da vida do autor/a ou/e da época en que foi concibida?

2. CONTEXTO ARTÍSTICO DO SÉCULO XIX

O século XIX é unha época de transformacións; a sociedade cambia e todos estes cambios van ter a súa repercusión na arte. Dende o punto de vista artístico, vanse ver reflectidos os grandes cambios que en todas as ordes da vida se van producir neste período. Coa arte decimonónica entramos na etapa da **arte contemporánea**. Ata agora había unha homoxeneidade de estilos que caracterizaba as etapas anteriores: renacemento: séculos XV e XVI; barroco: século XVII; neoclásico: século XVIII...

Porén, no século XIX, non podemos falar dun estilo en concreto que defina a centuria, **pérdese a homoxeneidade artística**, xa que se **sucedarán diferentes estilos artísticos** de forma vertixinosa, incluso ás veces contrapostos ou como reacción ao anterior. De feito, en arquitectura teríamos a arquitectura industrial, o historicismo, a escola de Chicago ou a *art nouveau*; en escultura sobresaí Rodin e en pintura, o Neoclásico, o Romanticismo, o Realismo, o Impresionismo, o Postimpresionismo...

Outro dos trazos da arte do século XIX é a **chegada e o afianzamento da idea de liberdade**; aínda máis, a liberdade completa chega ao mundo da arte. Esta circunstancia débese, en parte, a que nos atopamos ante unha nova sociedade herdeira da Revolución Francesa, que exalta a liberdade individual por riba doutros aspectos. A derrota de Napoleón, en 1815, supuxo, en principio, a restauración do absolutismo e a reconstrución do mapa de Europa, pero a semente das novas ideas, baseadas en gran medida nese concepto de liberdade individual, non parará ata derrubar o absolutismo na maioría dos países, establecendo formas de gobernos liberais que respecten a liberdade dos individuos para decidir sobre os seus actos.

Ao longo do século XIX, a burguesía acadará o poder político, ao cal contribúen as revolucións burguesas de 1820, 1830 e 1848, aínda que tamén é a época en que se desenvolve o nacionalismo, unha ideoloxía que reforza a idea de individualidade.

En conclusión, os cambios que introducen todas estas revolucións que se suceden dende o inicio da idade contemporánea -a Francesa, as burguesas e mesmo a Industrial- van ter o seu reflexo no mundo da arte.

Para apreciar a **variedade de estilos artísticos pictóricos decimonónicos dos que foi contemporáneo ou precursor Goya**, imos deternos nalgúns dos máis salientables, comezando por retrotraernos a mediados do século XVIII, cando xorde a arte neoclásica, a cal persistirá durante as primeiras décadas do século XIX.

- **O Neoclasicismo**, que acada o seu apoxeo durante o imperio napoleónico, amosa os seguintes trazos:
 - Xorde como un rexeitamento aos excesos do Rococó (estilo que trata os temas mundanos e exalta o gozo da vida).
 - Está moi **ligado á Ilustración**, pola busca do predominio da razón.
 - **Admira e imita a arte grega e romana.**



"O quitasol (Goya)" (CCO 1.0)

- **O Romanticismo** é un estilo que xurdiu arredor de 1820, que acada o seu apoxeo entre 1825 e 1875 e que se caracteriza por:
 - Reacciona fronte a racionalismo da Ilustración e o Neoclasicismo, reivindicando a **supremacía do sentimento fronte á razón**, a orixinalidade fronte á tradición grecolatina e a creatividade fronte á imitación neoclásica.
 - Busca e **exaltación da paixón**, ata o punto de reivindicar o nacionalismo.
 - As paisaxes dos seus cadros reflicten o estado de ánimo do artista, que adoita ser o protagonista do cadro, e destaca a cor sobre o debuxo.
- **O Impresionismo** xurdiu en París cara ao ano 1870; debe o seu nome ao cadro de Monet *Impresión, amencer* e distínguese por:
 - O **interese pola cor e os reflexos da luz** na paisaxe.
 - O desexo de pintar ao aire libre, buscando as variacións lumínicas.

Goya, oposto a Fernando VII, polas súas ideas liberais, decidiu autoexiliarse a Francia nos últimos anos da súa vida e viviu en Burdeos, onde pintou a súa derradeira obra -*A leiteira de Burdeos*-, considerada un precedente do Impresionismo.



"A leiteira de Burdeos,
Francisco de Goya"
(CCO 1.0)



EXERCICIOS

Exercicio 4

Cita dúas características da arte do século XIX.

Exercicio 5

Como reacciona o Romanticismo fronte ao Neoclasicismo?

3. GOYA ARTISTA DE ESTILO ÚNICO

3.1 Vida e obra de Goya

Francisco de Goya y Lucientes (Fuentedetodos, 1746-Burdeos, 1828) foi un pintor cun **estilo propio** e irrepetible, que non poderíamos englobar en ningún estilo en concreto, e que podería figurar entre os tres pintores españoles máis relevantes xunto con Velázquez e Picasso.

Artífice dunha variada e extensa obra, xa que foi autor de máis de 1.000 pinturas e seguiu pintando con máis de oitenta anos, viviu a cabalo entre os séculos XVIII e XIX. Ademais, como xa se pode deducir polo contido das unidades anteriores, tocoulle vivir nunha época de grandes cambios e transformacións. Foi contemporáneo da Revolución Americana, Francesa e Española, das invasións de Napoleón, da Revolución Industrial... pero non se conformou con ser un mero espectador de todos estes acontecementos, senón que foi capaz de adaptarse aos novos tempos á velocidade que requirían, e mesmo ás veces vai ir máis rápido, reinventándose continuamente.

Como se podería supoñer, a súa pintura reflicte trazos dos estilos artísticos vixentes ao longo da súa vida -Rococó, Neoclásico, Romanticismo-, pero ademais tivo a virtude de adiantarse a outros estilos que virán despois da súa morte como o Impresionismo, o Expresionismo e o Surrealismo.

Entre os trazos máis representativos da súa pintura figuran os seguintes:

- **Primacía da pincelada sobre o debuxo**, escurece a súa paleta de cores co tempo, pasando de cores alegres a outros máis escuros.
- **Interese por reflectir a realidade.**
- **Variedade de técnicas e de temática**, aborda temas relixiosos, cortesáns, relacionados cos cambios históricos que lle tocou vivir... e amosa nalgunhas das súas obras o seu desgarrado mundo interior.

As súas **primeiras obras importantes** constitúen uns **frescos de temática relixiosa** que hoxe en día se poden visitar na **basílica do Pilar en Zaragoza**.

Posteriormente, mudouse a Madrid e traballou na Real Fábrica de Tapices de Santa Bárbara. Nesta **primeira etapa, en que reside en Madrid**, pinta cartóns, trata escenas alegres da vida popular e **utiliza cores claras, brillantes e vivas**.



A galiña cega (Goya) (CC0 1.0)

Máis adiante foi nomeado pintor de cámara de dous monarcas que nos resultarán familiares: Carlos IV y Fernando VII. **Destacou por pintar personaxes da Corte**, sen limitarse só aos aspectos físicos, **reflectindo tamén a personalidade dos retratados**, precisamente o retrato sería o xénero que máis sona lle daría.

O seu carácter polifacético mostrouse tamén na realización de **diferentes series de gravados** -debuxos realizados en ferros, de madeira ou metal mediante incisións-, entre os que destacan:

- *Os caprichos*, que son escenas en que denuncia os males da sociedade da súa época.
- *Os desastres da guerra*, onde retrata a crueza da guerra da Independencia.
- *Os disparates*: obra dunha imaxinación desbordante e coa que se adianta ao Surrealismo.



*Os desastres da guerra - No. 71 -
Contra o ben xeral"* (Poniol CCBY-
SA 4.0)

Por outra banda, a súa vida non foi doada, xa que unha serie de fatídicos acontecementos marcarán e amargarán o seu carácter, que se volverá cada vez máis pesimista; no 1972, quedou xordo; do 1808-1814 tocoulle vivir a Guerra da Independencia e, posteriormente, o retorno do absolutismo con Fernando VII; en 1812 finou a súa esposa, Xosefa Bayeu.

Logo da fin da Guerra da Independencia, e afectado por unha completa xordeira, trasladouse á Quinta do Xordo, á beira do río Manzanares, onde realizou as súas famosas **pinturas negras**, que son frescos sobre un muro nos cales destaca unha paleta de cores totalmente escurecida en comparación coa súa etapa neoclásica, cando se mudara a Madrid. Son **pinturas pesimistas**, con temas como a violencia, a morte, e con personaxes estraños, cos que se adianta a un estilo pictórico que virá despois, o Expresionismo.



"Akelarre" (Mariesarahpy CCBY-SA 4.0)

3.1 Análise e interpretación dos cadros: *A carga dos mamelucos* e *Os fusilamentos do 3 de maio*

A carga dos mamelucos e *Os fusilamentos do 3 de maio* englobáanse dentro do estilo romántico/neoclásico, consérvanse no Museo do Prado e foron pintados en 1814, tras o regreso de Fernando VII a España e a restauración do absolutismo.

As dúas obras poderíanse observar como unha obra conxunta, xa que se complementan visualmente e teñen un **significado conxunto**, pois retratan maxistralmente episodios da Guerra da Independencia e constitúen por iso un enorme legado histórico. Ademais de plasmar a loita contra Napoleón, mostran unha nova forma de ver a pintura, como **testemuño histórico e político**, adiantándose case ao Romanticismo.

A carga dos mamelucos:

- Relata escenas do levantamento do 2 de maio contra os franceses, no cal o pobo madrileño mal armado e equipado se enfronta nunha situación de desvantaxe ao poderoso exército francés.
- Transmite unha gran **sensación de dinamismo** polo movemento dos cabalos e os personaxes.
- Plasma un gran **realismo** polos cadáveres representados e o sangue.



"O dous de maio de 1808 en Madrid" Goya (CCBY-SA 3.0)

Os fusilamentos do 3 de maio:

- Reflicte o posterior fusilamento dos rebedes tras o levantamento do 2 de maio, cando os madrileños apresados son fusilados na montaña do Príncipe Pío.
- A composición céntrase arredor dun home cos brazos en alto e en forma de cruz, que agarda a morte, como se se tratar dunha crucifixión moderna, co seu rostro conmovido, coñecedor do seu destino, e que desafía os seus verdugos.
- No grupo de patriotas, obsérvanse diferentes actitudes ante o feito de que van ser fusilados, porén os executores non amosan o seu rostro, semellan desnaturalizados, como se fosen unha máquina de guerra.
- De novo, observamos un **gran realismo** plasmado nos cadáveres e un gran charco de sangue.



"Os fusilamentos do 3 de maio. Francisco de Goya y Lucientes 1814" (Fabián Montojo)

O **colorido é lúgubre**, atenuado, as cores son escuras -negros, marróns e grises-, contrastando coa cor branca da blusa da figura central, sobre a cal se reflicte a luz do farol.

Ambas as composicións constitúen fontes primarias antibelicistas: **denuncian a violencia, a brutalidade e a crueldade da guerra**, a irracionalidade pola que ás veces se deixa levar o ser humano.

Semella que para Goya non hai eloxio a ningún heroe ou exército, non se mitifica un tema bélico, trátase dun manifesto moral, que vai moito máis aló dun cadro de temática histórica.



EXERCICIOS

Exercicio 6

Define o estilo de Goya.

Exercicio 7

Por que *Os fusilamentos do 3 de maio* vai máis aló dun cadro histórico?